



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE MAIO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e cinco de maio de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria de data 18 de maio de 2021 e da sesión extraordinaria e urxente do día 20 de maio de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de maio de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 20 de maio de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución 2021/20303 do presidente da excma. Deputación provincial da Coruña, Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO206: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2021. Figura o Concello de Cambre co obxecto "mantemento do persoal técnico en



xestión cultural" cun importe de subvención de 14.970,00 euros e orzamento subvencionado que se ha xustificar de 18.712,50 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 93, do 20 de maio de 2021).

- Orde do 21 de maio de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se prorroga a eficacia e se modifica a Orde do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, e se modifica a Orde do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 94-Bis, do 21 de maio de 2021).

- Resolución número 2021/20449, da excma. Deputación provincial da Coruña, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego, de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO023B/2021, convocatoria do programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2021. Figura o Concello de Cambre co obxecto "servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque Cecebre" cun importe de subvención de 7.008,91 euros e un orzamento que se ha xustificar de 7.008,91 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 95, do 24 de maio de 2021).

3º. Expedientes de contratación

3.1.- Proposta de adjudicación do contrato menor para o Servizo de mantemento e socorrismo na Piscina Municipal Castros do Bosque

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 31/03/2021 asínase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Educación, polo concelleiro delegado da Área de Cultura, deportes e xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Proposta-Informe de necesidade", ao que se achega memoria valorada do "Servizo de mantemento e socorrismo na Piscina Municipal Castros do Bosque", cun importe de licitación de 13.999,98 sen IVE, 16.939,98 IVE incluído e un prazo de execución de 3 meses (de 12 de xuño a 12 de setembro de 2021).

En dito informe motívase a necesidade urxente e inaprazable de contratar o servizo de referencia na posta a punto e apertura da Piscina Municipal de Castros do Bosque, logo do prolongado peche invernal, así como o preceptivo mantemento das condicións hixienico-sanitarias e os labores de vixilancia dos bañistas durante o período de apertura das mesmas. Constatase no informe, que con data do 30 de xuño de 2005, asinouse coa entidade "HEBE SPORT, S.L." un contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo de A Barcala e piscinas descubertas en O Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O.P.), non estando incluída en dito contrato a explotación da piscina municipal descuberta de Os Castros do Bosque, razón pola que se incia o expediente de contrato menor nº 2020/C002/00038 " *Considerando a próxima apertura da piscina municipal descuberta de Castro do Bosque durante o calendario da tempada estival*", e "*de forma excepcional e urxente ate poder incoar expediente de contratación de todas as piscinas exteriores municipais, situación condicionada pola titularidade de unha delas*".



Con data 20/04/2021 emítense documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 22799 (servizo mantemento piscinas municipais e outros).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

As actuacións que se pretenden levar a cabo enmárcanse dentro das competencias que o Concello de Cambre ten en materia de “*promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*”, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, redactado por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Con data 27/04/2021 emítense informe polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- VIRAXES SL
- CAMBRE OCIO SL
- HEBE SPORT SL

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	PREZO OFERTADO (IVE incluído)
VIRAXES SL	16.939,98€
CAMBRE OCIO SL	16.821,90€
HEBE SPORT SL	16.758,50€

formulando proposta de adxudicación do contrato menor para o “Servizo de mantemento e socorrismo na Piscina Municipal Castros do Bosque” a HEBE SPORT SL, co CIF B156***** e domicilio na rúa Venezuela 3, 3º esquerda, 15160-Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 13.850,00,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 16.758,50 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 7 de maio de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 139/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 9 de maio de 2021.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto o informe emitido polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal con data 12 de maio de 2021, e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 737/2021 de 13 de maio, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de “*promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*”, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada para o servizo de mantemento e socorrismo na Piscina Municipal Castros do Bosque, elaborada polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, don José Luís Martínez Názara, cun importe de 13.999,98 sen IVE, 16.939,98 IVE incluído, e un prazo de execución de tres meses (de 12 de xuño a 12 de setembro de 2021), así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 22799.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000038, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para o “Servizo de mantemento e socorrismo na Piscina Municipal Castros do Bosque”, á empresa Hebe Sport, S.L, co CIF B156***** e domicilio na rúa Venezuela 3, 3º esquerda, 15160-Sada (A Coruña), no prezo ofertado de 13.850,00 euros sen IVE, 16.758,50 euros IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, sendo este o factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude don José Luís Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos



artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2 .- Proposta de devolución da garantía definitiva da obra "Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros"

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que con data 21 de febreiro de 2018, asinou o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Lancer Proyectos y Obras, S.A.* para a execución da obra denominada "*Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros*". Expediente 2017/C003/000004

Visto que no antedito expediente depositouse na Tesourería municipal unha garantía mediante aval bancario número 201 800 14 80, con data 01/02/2018 por importe de 5.646,93 euros con núm. de rexistro 792 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal., con data do 20 de xaneiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable NUM 156/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 14 /05/2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Lancer Proyectos y Obras, S.A.*”, con CIF A7012.... e enderezo na Rúa Templarios, nº 4-baixo ,15670, Culleredo, A Coruña, no expediente número 2017/C003/000004, para a execución da obra denominada “*Pavimentación nas parroquias de Cambre, Bribes e Outros*”

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3.- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa Jardincelas,S.L. adxudicataria do Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas no Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 14 de xuño de 2019, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Jardincelas,S.L.* para o “*Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas no Concello de Cambre*”. Expediente 2019/C004/000008

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval bancario número 0049-7691-51-2110000232 de data 27/05/2019, depositado na Tesourería municipal con data 31/05/2019 por importe de 2.161,51 euros con núm. de rexistro 885

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial Municipal, con data do 05 de abril de 2021.



Visto o informe de fiscalización favorable número 157/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 14 de abril 2021.

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Jardincelas,S.L.”, con CIF B-1553.... e enderezo en Peiro de Arriba, nº 16, 15198, Culleredo (A Coruña), no expediente número 2019/C004/000008, para o “*Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas no Concello de Cambre*”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.4 Rectificación de omisión no Anexo III do PCAP regulador do expediente de contratación da Subministración de mobiliario (cadeiras e mesa) para as oficinas do Concello de Cambre. Expediente núm 2021/C005/000006

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de maio de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que, con data do 11 de maio de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre acordou aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000006, por



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente á Subministración de mobiliario (cadeiras e mesa) para as oficinas do Concello de Cambre, publicándose o día 12 de maio de 2021 o correspondente anuncio de licitación no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratos do Sector Público, e procedendo á apertura do prazo de presentación de ofertas , que rematará o vindeiro día 27 de maio actual.

Visto que , a día de hoxe, non se atopa presentada oferta ningunha no citado expediente.

Visto o informe emitido con data do 20/05/2021 pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, no que consta que , durante o prazo de licitación, observouse no Prego de cláusulas administrativas particulares aprobado un erro material, consistente na omisión, no Anexo III (“Modelo de Proposición”) do apartado correspondente ao prazo de garantía ofertado polos licitadores, e cuio incremento constitúe un dos criterios a valorar consonte ao establecido na cláusula 12 do PCAP.

Tendo en conta que nos atopamos ante un suposto cuia corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente sen necesidade de hipóteses ou deducións, tratándose dunha mera equivocación elemental, que se aprecia de forma clara, patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si soa, sen que sexa preciso acudir a posteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas, resulta aplicable a normativa sobre rectificación dos erros materiais, de feito ou aritméticos.

Polo tanto, ao abeiro do establecido no artigo 122.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), e artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas , (que permiten que os pregos de cláusulas administrativas particulares poidan ser modificados con posterioridade por erro material, de feito ou aritmético, de xeito que, en outro caso, a modificación do prego levará consigo a retroacción das actuacións), procede rectificar o erro advertido , e aprobar un novo modelo de Anexo III a incluir no PCAP, que conteña a referencia ao prazo de garantía ofertado polos licitadores.

Así pois, tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 122.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, proceder á rectificación do erro material producido no Prego de cláusulas administrativas Particulares regulador do expediente nº 2021/C005/000006, e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 11/05/2021, consistente na omisión, no Anexo III “Modelo de Proposición” , do apartado correspondente ao prazo de garantía ofertado polos licitadores, e cuio incremento constitúe un dos criterios de avaliación das ofertas, de conformidade coa cláusula 12 do PCAP, mantendo o contido restante do PCAP así como o dos restantes documentos que conforman o expediente administrativo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo : En consecuencia co anterior, aprobar o novo modelo do Anexo III do PCAP (“Modelo de Proposición”), que a seguir se transcribe, e que inclúe un novo punto nº 3, quedando polo tanto redactado do seguinte teor literal:

“ANEXO III: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a _____

con DNI / NIF (o Pasaporte o documento que lo sustituya) nº _____

con domicilio en calle _____ nº _____

en el municipio de _____, provincia _____, país _____

teléfono _____

actuando (*indíquese lo que proceda*):

en nombre propio

en representación de _____, con DNI o NIF nº _____

y con domicilio en calle _____ nº _____, en el municipio de _____ provincia _____, país _____, teléfono _____

Toma parte en el procedimiento abierto simplificado abreviado para la adjudicación del **“SUMINISTRO DE MOBILIARIO (22 SILLAS Y 1 MESA) PARA LAS OFICINAS DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE”**. EXPEDIENTE: 2021/C005/000006, y a cuyos efectos hace constar que:

1º.- Conoce y acepta cuantas obligaciones se derivan de los Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares y Prescripciones Técnicas del presente contrato.

2º.- PRECIO (*en ningún caso se podrá superar ni el importe total ni los importes unitarios de licitación*)

Ofrece los siguientes precios unitarios y total (DATOS SOLO EN NÚMEROS, NO EN LETRA) :

Concepto	Cantidad	Precio Unitario	Importe sin IVA	IVA	Importe con IVA
Sillas operativas	22			21%	
Mesa regulable	1			21%	
	TOTAL				

3.- INCREMENTO DEL PLAZO DE GARANTÍA



Ofrezco un prazo de garantía para los bienes a suministrar de años, que suponen un incremento de años respecto al prazo mínimo de dos (2) años establecido en los pliegos de cláusulas administrativas particulares y prescripciones técnicas.

En _____ a _____ de _____ de 202_

EL LICITADOR (Firmado)”

Terceiro : Publicar o presente acordo, xunto co novo modelo de proposición, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público , sen que resulte necesaria a apertura dun novo prazo de presentación de ofertas, que se mantén ata o vindeiro día 27 de maio de 2021 ás 23:59 horas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 13 ao 20 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 731/2021 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 776/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
731/2021	13-05-2021	Reposición legalidade urbanística por construír dun galpón de 9 x3 m ² cunha cuberta a unha auga con pezas de panel ondulado de cor tella, en Picardos, parrquia de Anceis. Propiedade: EJFR
732/2021	13-05-2021	Licenza de legalización de vivenda sita en Fraiz, Cecebre promovido por ELM
733/2021	13-05-2021	Conceder a licenza para realizar movemento de terras e peche (muro) de parcelas en Piñeiro, Brexo. Solicitante: JALL
734/2021	13-05-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 80.599,64 euros
735/2021	13-05-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de maio de 2021
736/2021	13-05-2021	Aprobación actividade do Plan Municipal de Formación: "Cambre Dixital-Emprego".
737/2021	13-05-2021	Servizo de mantemento e socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque
738/2021	13-05-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 300 euros. Solicitante: MM
739/2021	13-05-2021	Aprobación da documentación xustificativa para o pago da



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		primeira achega do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a FWFF para o ano 2020
740/2021	13-05-2021	Aprobación da organización do XXXVI torneo Chave Concello de Cambre 2021
741/2021	13-05-2021	Aprobación da organización do día do xadrez que inclúe os torneos: XX xadrez agosto en Cambre e o II xadrez agosto en Cambre Blitz
742/2021	14-05-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 20 de maio de 2021
743/2021	14-05-2021	Conceder a axuda recibo de luz por importe de 17,42 euros. Solicitante: AMBC
744/2021	14-05-2021	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de abril de 2021 e o seu pagamento
745/2021	14-05-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 390 euros. Solicitante: MT
746/2021	14-05-2021	Conceder as axudas recibos de gas por importe de 17,86 e de 17,92 euros, recibo de luz por importe de 24,66 euros e recibo de auga por importe de 46,26 euros. Solicitante: ADCM
747/2021	14-05-2021	Recurso alzada proceso selectivo funcionario interino bibliotecario-arquiveiro
748/2021	14-05-2021	Remisión procedemento abreviado 0000115/2021 de MBR contra o Concello de Cambre
749/2021	14-05-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 20 de maio de 2021
750/2021	14-05-2021	Reposición legalidade urbanística por colocación de rampla en zona pública fronte ao local situado na rúa Constitución, O Temple. Propiedade: DY, S.L.
751/2021	14-05-2021	Conceder a licenza de ocupación de vía pública mediante a instalación dunha terraza fronte ao local situado na rúa Pígara o Temple. Solicitante: VCdeS
752/2021	14-05-2021	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante en vehículo tenda. Solicitante: RMGG
753/2021	18-05-2021	Aprobación do pagamento a Augas de Galicia correspondente a autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do 2021
754/2021	18-05-2021	Recoñecemento extraxudicial alcaldía 2/2021
755/2021	18-05-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 37.482,71 euros
756/2021	18-05-2021	Aprobación de facturas, recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 27.370,42 euros
757/2021	18-05-2021	Conceder a axuda emerxencia social auga por importe de 31,46 euros. Solicitante: SBB
758/2021	18-05-2021	Avocación de competencias do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós dende o día de hoxe ata a súa incorporación
759/2021	19-05-2021	Revisión e limpeza canalóns centros escolares, centro de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		saúde de Cambre e outros mantementos
760/2021	19-05-2021	Declaración de ruína vivenda unifamiliar en Gándara, parroquia de Pravio
761/2021	19-05-2021	Contestación recurso á denegación da axuda de bolsas de estudo curso escolar 2018/2019.
762/2021	19-05-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
763/2021	19-05-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
764/2021	19-05-2021	Expediente de orde de execución por estado da edificación sita en San Bartolomeu, Pravio. Propiedade: Fundación RdeSR
765/2021	19-05-2021	Reposición legalidade urbanística por substitución do revestimento da cuberta sen título habilitante, en Riveiriña, parroquia de Bribes. Propiedade: SSB
766/2021	19-05-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 20 de maio de 2021
767/2021	19-05-2021	Tramit. de subv. segundo a ORDE do 23 de decembro pola que establecen as bases das axudas a entidades locais de Galicia para a mellora das coleccións e a adquisición de novidades editoriais para as bibliotecas municipais (cód. CT235A)
768/2021	20-05-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra proxecto básico e execución desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre. xullo 2020, recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 25.360,50 euros, así como o seu pagamento
769/2021	20-05-2021	Expediente de Xeración de crédito número 5/2021. Subvención destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ano 2021
770/2021	20-05-2021	Declaración de ruína en Sarnoso, Brexo. Denunciado herdeiros de JLCL
771/2021	20-05-2021	Reposición legalidad urbanística a don CFM, MJLRELR pola colocación dun portal metálico con apertura corredeira sen a existencia de comunicación previa das obras, na parcela sita en Pombo (Pravio)
772/2021	20-05-2021	Entrega da documentación xustificativa das axudas concedidas aos beneficiarios do convenio de promoción do fútbol durante 2019
773/2021	20-05-2021	Conceder a axuda recibo auga por importe de 64,24 euros. Solicitante: RMBJ
774/2021	20-05-2021	Solicitud formulada por don Ángel García Seoane en calidade de presidente do grupo político "Alternativa dos Veciños", de revisión de oficio do acordo de adxudicación do contrato menor para a prestación dos Servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 16 de maio de 2019
775/2021	20-05-2021	Autorizar a Instelec s.l. para que realice as xestións



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		necesarias en expedientes de danos a instalacións eléctricas municipais
776/2021	20-05-2021	Reposición legalidade urbanística por construción de peche con plantas ornamentais sen comunicación previa presentada en finca sita no Fial, Pravio. Propietario: JGP e SPD

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López